

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/43	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	14 de novembro de 2025
Duración	Dende as 14:04 ata as 14:27 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Secretario acctal Decreto 2025-0954)
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 07.11.2025

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 07 de novembro de 2025.

Expediente 1773/2025. Solicitud de Prestación de Servizos Sociais**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 07 de novembro, no que se pon de manifesto a necesidade de contar co espazo dirixido ao recurso asistencial de entrega de alimentos do Programa Silleda Solidaria, e vendo que, pola súa finalidade, o custe se debe sufragar dende o Concello podendo incluílo nas axudas básicas de emerxencia social.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o pago das facturas derivadas das compras de produtos básicos para a despensa municipal, ao proveedor VEGO SUPERMERCADOS e que se corresponden co seguinte cadro:

Factura Número	Data	Total
ESA3665131E388511000003	05.11.2025	339,40 €

Segundo.- Aprobar o pago delegado a VEGO SUPERMERCADOS (CIF: ESA36651313)

Tercero.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos.

Expediente 345/2024. Servizos Sociais. CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA A DOMICILIO.**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión celebrada o 30 de setembro de 2025 aprobouse inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria, publicada no BOPPO n.º 189 de 3 de outubro de 2025.

Visto que esta ordenanza ten por obxecto regular a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial de Pontevedra, así como as obrigas de cada unha das partes que interveñen no seu desenvolvemento.

Visto que o vindeiro día 1 de decembro remata a vixencia do convenio actualmente en vigor.

Visto o informe xurídico de procedemento emitido pola Secretaría da Corporación en data 06 de novembro de 2025.

Visto o informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, de data 07 de novembro de 2025.

Vista a proposta de servizo emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, de data 11 de novembro de 2025.

Visto o informe fase AD emitido polo Interventor en data 12 de novembro de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

1º.- A aprobación e adhesión do Concello de Silleda o convenio marco de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria, cuxo texto foi publicado no BOPPO n.º 189 de 3 de outubro de 2025 como Anexo I da Ordenanza Reguladora do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial de Pontevedra.

2º.- Dar traslado deste acordo a Deputación Provincial de Pontevedra a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da mencionada Deputación.

Expediente 744/2025. CONVENIO COA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE NO MARCO DO PROGRAMA ADESTR A TÚA SAÚDE.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

1. Antecedentes

A Fundación Deporte Galego, medio propio da Secretaría Xeral para o Deporte, promove xunto coa Consellería de Sanidade, o proxecto **“Promoción da actividade física e a saúde en zonas despoboadas – Rede PAFER”**, incluído no **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia**, financiado pola **Unión Europea – NextGenerationEU**.

No marco deste proxecto, púxose en marcha o programa **“Adestra a túa saúde”**, dirixido á promoción de hábitos de vida saudables mediante o exercicio físico, especialmente entre persoas **maiores de 60 anos** usuarias do Sistema Sanitario Público de Galicia.

O Concello de Silleda figura entre as entidades locais de Galicia seleccionadas pola Fundación Deporte Galego para participar no programa, correspondéndolle unha **achega económica de**

10.000 euros destinada á execución de actuacións de mellora e adecuación de **espazos deportivos e comunitarios**, así como á implantación de **programas de actividade física en contornos rurais**.

Estas actuacións deberán desenvolverse antes do **15 de decembro de 2025**, cumprindo cos requisitos de xustificación, transparencia e publicidade establecidos pola normativa do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A participación do Concello de Silleda neste convenio supón unha oportunidade para:

- **Mellorar o benestar e a saúde da poboación**, favorecendo o exercicio físico regular e a prevención de enfermidades crónicas.
- **Fomentar o envellecemento activo e a cohesión social**, a través de actividades grupais e programas que promoven a interacción comunitaria.
- **Adaptar e modernizar as instalacións municipais**, incrementando a súa accesibilidade e eficiencia enerxética.
- **Reducir as desigualdades territoriais**, achegando programas de promoción da saúde e actividade física ao medio rural.

Tendo en conta o anterior, considérase axeitado **aprobar a sinatura do convenio de colaboración** entre a **Fundación Deporte Galego** e o **Concello de Silleda** para a distribución dos fondos destinados ao proxecto “*Promoción da actividade física e a saúde en zonas despoboadas. Rede PAFER*”, no marco do programa *Adestra a túa saúde*, e que a continuación se transcribe:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A DISTRIBUCIÓN DE FONDOS DO PROXECTO “PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E A SAÚDE EN ZONAS DESPOBOADAS. RED PAFER”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATION EU.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Ramón Lete Lasa, presidente da Fundación Deporte Galego, por razón do seu cargo como Secretario Xeral para o Deporte de conformidade co disposto no artigo 13 dos estatutos da Fundación Deporte Galego, e do artigo 17.3 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.

Doutra parte, dona Paula Mª Fernández Pena, alcaldesa do Concello de SILLEDA

As partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste acordo e para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Fundación Deporte Galego é unha entidade do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, medio propio e instrumental da Secretaría Xeral do Deporte, que, conforme os seus Estatutos ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización, directa ou en colaboración con outras institución e/ou empresas, tanto públicas como privadas, de actuacións e programas, asumindo ao mesmo tempo, entre os seus fins: “o fomento da actividade física e do deporte base e da alta competición en Galicia” (artigo 6 dos seus Estatutos).

Segundo.- Que, segundo o artigo 4 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme a unha serie de principios.

Terceiro.- Que en virtude do acordo entre a Fundación Deporte Galego e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes instrumentouse o reparto dos fondos para a promoción dunha rede coordinada de promotores de actividade física nas zonas rurais (PAFER) no marco do programa “Adestra a túa saúde”. Os promotores encargaranse da xestión e creación dos recursos e do deseño de programas básicos de promoción e activación da actividade física, especialmente nas zonas máis despoboadas, mediante a adecuación e melloras de estruturas e espazos deportivo/comunitarios locais para a implementación dos programas de exercicio e actividade física en contornas rurais cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

Con cargo ós fondos do acordo preveuse a financiación de actuacións destinadas á adecuación e melloras de estruturas e espazos deportivo/comunitarios locais nos que se implementen programas de exercicio e actividade física en contornas rurais para a súa inclusión nunha Rede coordinada de promoción da actividade física nas zonas rurais (PAFER), en:

- Entidades locais con programas de actividade física benéfica para a saúde (AFBS) implementados mediante as Unidades Activas de Exercicio Físico (UAEFs) ou a súa denominación equivalente.
- Entidades locais con outros programas de actividade física relacionados con contornas saudables, rutas ou circuitos saudables.

Estas actuacións están suxeitas ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo y do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; á Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; ao Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; á Orde HFP/1030/2021 de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; á Orde HFP/1031/2021 de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan; á Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, á Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro; e por cantas normas de desenvolvemento se aproben, no que resulte aplicable a este procedemento.

Asemade, esta actuación contribúe á consecución do obxectivo CID 373 «Renovación e mellora de centros técnicos para o deporte e instalacións deportivas», de carácter cuantitativo, que se aplica aos proxectos en execución «Fomento do turismo deportivo sostible» e «Modernización das infraestruturas deportivas».

A transferencia dos fondos realizarase ás Comunidades Autónomas, sen prexuízo de que os destinatarios finais das mesmas poidan ser as entidades públicas, conforme ao disposto na Resolución de 15 de febreiro de 2024, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Deporte do 26 de decembro de 2023, relativo á distribución territorial e criterios de reparto do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Cuarto.- O programa “Adestra a túa Saúde” é un programa piloto dirixido a persoas maiores de 60 anos usuarios do Sistema Sanitario Público de Galicia e a recollida e tratamento das persoas participantes no devandito programa a través de Plataforma ADESTRAS A TÚA SAÚDE. Pola tipoloxía da actuación encádrase no subproxecto C26.I01.P02.S07 “Transformación dixital aplicada á actividade física para a saúde (AFBS) e á medicina deportiva . Galicia” e no subproxecto C26.I02.P03.PROVISIONAL.S19 “RED PAFER – Galicia” da Compoñente 26 “Fomento do Sector Deporte” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Dita actuación, consonte ó previsto nos expoñen precedentes, é financiada con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, adoptado polo Parlamento Europeo e o Consello o 12 de febreiro de 2021 mediante o Regulamento (UE) 2021/241.

Quinto.- No Acordo entre a Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Deporte Galego, para a transferencia dos fondos destinados á execución da actuación “C26.I02. Plan de Transición Ecolóxica de Instalacións Deportivas”, máis concretamente “C26.I02.P03 Promoción da actividade física e a saúde en zonas despoboadas. Rede PAFER.” do compoñente 26, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, en cumprimento das obrigas que establecen as Ordes HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021, de 29 de setembro, e a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, establécese que o orzamento establecido para Galicia no Plan de Transformación Ecolóxica de Instalacións Deportivas vinculada ao compoñente 26 ascende a 246.409,08€ (douscentos corenta e seis mil catrocentos nove euros con oito céntimos).

Sexto.- A Fundación Deporte Galego aprobou unhas bases xerais, consonte ós criterios das cales fixéronse os concellos que, por cumpriren os requisitos obxectivos establecidos consonte ás normas de aplicación, participarían no desenvolvemento e implantación do programa Adestra a túa Saúde

Sétimo.- O Concello de SILLEDA figura entre os Concellos que participarán e implantarán o programa e co fin de materializar o acordo de distribución dos fondos entre os Concellos, as partes acordan subscribir o presente convenio, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o reparto das axudas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, correspondéndolle ó Concello de SILLEDA a cantidade de dez mil (10.000,00€) que deberán

destinarse integramente ó fin previsto para os fondos, cumpríndose polo Concello tódolos requisitos derivados da natureza dos fondos, consonte ó referido no presente convenio.

De acordo co artigo 9 do Regulamento 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e co artigo 7 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, as actuacións obxecto de axuda poderán recibir axuda de outros programas e instrumentos da Unión sempre que a axuda no cubra o mesmo coste.

Segunda.- Requisitos de aplicación dos fondos

1. Aos efectos deste convenio, entenderanse por actuación financiáveis todas aquelas que se produzan para levar a cabo programa/s de exercicio e actividade física en contornas rurais (actividades dirixidas á creación dunha Rede PAFER – Programas UAEFs ou outros programas de actividade física relacionados con contornas saudables, roteiros ou circuitos saudables) e /ou como consecuencia dos investimentos referidos a obras e/o subministracións nas entidades locais, destinadas á adecuación e mellora de estruturas e espazos deportivo/comunitarios.

En particular:

a) As que supoñan a adecuación e mellora da eficiencia enerxética, destinadas á renovación ou adaptación dos equipos industriais das instalacións, ou das súas fontes de enerxía, como medio de redución da demanda de enerxía primaria e para o cumprimento ambiental do criterio “non causar un prexuízo significativo” ao medio ambiente (DNSH, ou “do non significant harm”, en terminoloxía anglosaxoa). As intervencións en materia de eficiencia enerxética deberán lograr máis ou menos unha redución da demanda de enerxía primaria de polo menos un 30 %, o cal se acreditará na fase de xustificación, coa presentación de certificado de eficiencia enerxética, antes e despois da intervenciónAs que supoñan a adecuación e mellora da accesibilidade. Terán esta consideración todas aquelas destinadas a garantir a accesibilidade e o uso das mesmas a todas as persoas que de forma permanente ou transitoria atópanse nunha situación de limitación ou mobilidade reducida ou de discapacidade sensorial, intelectual ou cognitiva.

b) Adecuación de espazos deportivos ao aire libre.

c) Adaptación de espazos para programas de actividade física, así como a renovación de espazos para convertelos en espazos deportivos.

d) Instalación de equipos de exercicio en espazos públicos integrados nun circuito.

2. Non terán a consideración de gastos subvencionables:

a) Investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos, así como as que se refiran á adquisición de mobiliario, aveños e vehículos.

b) Os gastos de persoal propio dos concellos, mesmo cando as actuacións se realicen por persoal da propia Administración.

c) Gastos relacionados co mantemento periódico de instalacións, como a limpeza ou a substitución de

equipos de uso diario, así como reparacións menores de equipos deportivos ou instalacións que forman parte da xestión diaria.

d) Custos derivados da operación diaria, como pagamentos de servizos básicos (auga, electricidade, internet). Pagamentos a xestores ou coordinadores permanentes encargados da administración continua das instalacións, fóra dos obxectivos específicos da Rede PAFER.

3. Considéranse financiábles gastos realizados dende febreiro de 2020, sempre que cumpran os requisitos e obrigas impostos pola súa natureza e en concreto na normativa aplicable ó PRTR, e sempre que non se incorra en supostos de dobre financiación dos mesmos gastos.

Cómpre destacar que a actuación obxecto do presente convenio é financiada con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación Resiliencia – Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, adoptado polo Parlamento Europeo e o Consello o 12 de febreiro de 2021 mediante o Regulamento (UE) 2021/241.

Con respecto ao IVE, o mesmo poderíase engadir á cantidade subvencionable sempre que se cumpra coa normativa reguladora do procedemento en cuestión e co fito do CID e se respecte o límite establecido no artigo 31.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

Terceira.- Prazo de execución dos proxectos

O prazo de execución das actividades previstas con cargo a estes fondos deberase levar a cabo antes do 15 decembro de 2025.

Neste prazo inclúese a fase de adecuación e mellora de estruturas e espazos deportivo/comunitarios obxecto do proxecto a fase de xustificación da axuda concedida e comprobación do gasto. Non se recolle previsión de prolongación de prazo de actividade, xa que a actuación vén condicionada pola data tope fixada por acordo de conferencia sectorial.

Cuarta.- Xustificación

O Concello estará obrigado a xustificar a totalidade dos gastos, non só a parte correspondente ó importe da axuda recibida. Para iso deberán presentar a seguinte documentación:

a) Impreso de xustificación, conforme ao modelo normalizado correspondente no que se acredite o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda, así como que se realizaron pagamentos ou soportado custos por un importe igual ou superior á axuda concedida. Así mesmo, en caso de non autorizar á Fundación a realizar a consulta por medios electrónicos de que está ao corrente do cumprimento das obrigacións coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, deberase indicar neste impreso.

b) Conta xustificativa e relación clasificada dos gastos da actuación con identificación de cada documento, acredor, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento e a suma total dos gastos relacionados, segundo os termos establecidos no artigo 75 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, coas singularidades introducidas polo artigo 63 do Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, segundo o modelo normalizado dispoñible na web da Fundación Deporte Galego (<https://deporte.xunta.gal/gl/fundacion>)

Ademais, de acordo ao establecido no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, estará obrigado a anexar á citada conta xustificativa, as facturas e demais documentos de valor probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas deberán estar datadas dentro do prazo de execución da actuación. O xustificante do pagamento deberá acreditar claramente o pagamento polo beneficiario da subvención polos medios de pagamento admitidos, transferencia bancaria e cheque nominativo, significándose a preferencia pola transferencia bancaria.

No seu caso, deberase achegar carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os intereses derivados dos mesmos.

c) Memoria de actuación xustificativa do grao de cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas, resultados obtidos e a súa contribución ao logro dos obxectivos previstos, expedida polo secretario do concello. Ademais, debe incluír a listaxe de instalacións nas que se efectuou as actuacións subvencionadas, de conformidade co Acordo de Conferencia Sectorial de Deporte do 26 de decembro de 2023.

d) Certificado expedido polo secretario do concello, co visto e praxe do alcalde, que acredite o acto do acordo de adxudicación da actuación realizada obxecto de subvención, ou no seu caso do acordo polo que se aproba o gasto por un importe igual ou superior ao investimento subvencionable.

e) O beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non existise no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, nos termos establecidos no artigo 31 Lei 38/2003, do 17 de novembro.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación débese realizar conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse a elección expresamente nunha memoria asinada polo Alcalde-Presidente, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

f) Certificado expedido polo secretario do concello, co visto e praxe do alcalde, que acredite o acto do acordo de aprobación polo órgano competente das facturas e demais documentos de valor probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. No caso de que a subvención se outorgue conforme a orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.

g) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que faise referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

h) Certificado expedido polo secretario do concello co visto e praxe do alcalde acreditativo de que o investimento se ha executado dentro do período subvencionable.

i) No caso das obras, o medio para a comprobación da finalización das mesmas serán os certificados de remate de obra.

j) En caso de actuacións que teñan por finalidade unha mellora da eficiencia enerxética, presentaranse certificados de rendemento enerxético agregado antes e despois da actuación, que irá acompañado de informe do técnico competente que acredite que se logrou a redución primaria de demanda de enerxía en 30%, onde conste inscrición no rexistro e número do mesmo.

k) Para cumprir coas obrigacións de información e publicidade relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá achegarse evidencia fotográfica de que todos os carteis informativos e placas foron situados nun lugar ben visible e de acceso ao público.

l) Cando o gasto subvencionado fose financiado, ademais, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación polo órgano competente o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actuacións subvencionadas, mediante certificado expedido polo secretario do concello.

m) As seguintes declaracións responsables sobre os perceptores finais dos fondos (adxudicatarios):

1. Declaración responsable de ausencia de conflito de interese-DACI.

2. Declaración responsable de identificación do titular real, consonte o establecido no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, a través do formulario denominado “Declaración de identificación do Titular Real” do anexo I da Orde JUS/616/2022, do 30 de xuño, pola que se aproban os novos modelos para presentación no Rexistro Mercantil das contas anuais dos suxeitos obrigados á súa publicación. Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021).

3. Declaración responsable de “non causar prexuízo significativo ao medio ambiente”-DNSH, no sentido establecido no apartado 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

n) Certificados de cumprimento de obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social. O certificado de estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social será solicitado pola Fundación, agás que conste a oposición expresa do beneficiario.

Os datos de natureza tributaria só poderán ser consultados se o solicitado concede expresamente a súa autorización.

Consideraranse igualmente cumpridas as anteriores obrigacións cando as débedas estean aprazadas, fraccionadas ou se acordou a suspensión como consecuencia de impugnación, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de copia da resolución na que se concedan os adiamentos ou fraccionamentos ou se acorde a suspensión.

Igualmente, de oficio, a Fundación solicitará certificado acreditativo de que o beneficiario da subvención non ten débedas en período executivo coa Xunta de Galicia, agás que as mesmas estivesen garantidas. Se esta non resultase positiva, esta circunstancia notificarase ao beneficiario para a súa corrección.

o) Acreditación do cumprimento da obrigaón de rendición de contas anuais ao Consello de Contas de Galicia, consonte o establecido no artigo 223 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (TRLRHL).

p) En caso de subcontratación, cando a actuación concertada con terceiros exceda do vinte por cento do importe da subvención e este importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometido ao cumprimento dos seguintes requisitos: que o contrato se celebre por escrito e que a celebración do mesmo autorícese previamente pola entidade concedente.

q) En caso de subcontratación da actuación subvencionada, deberase achegar certificación do concello que acredite o cumprimento do disposto no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

r) Certificado do secretario da Entidade Local no que acredite a inscrición do programa de actividade física relacionado con contornas saudables, rutas ou circuitos saudables, na páxina web do municipio.

s) Certificado conforme se aplicou o cumprimento do condicionado específico do principio DNSH (de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente).

3. A documentación que ha de achegarse polo beneficiario presentarse por medios electrónicos da mesma forma que a solicitude.

4. Se vencido o prazo de xustificación a entidade beneficiaria non presentase os correspondentes documentos, requiriráselle para que no prazo improrrogable de dez días sexan achegados, comunicándolle que a falta de presentación da xustificación no devandito prazo levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades nos termos establecidos nas citadas leis de subvencións.

Quinta.- Obrigas da Fundación Deporte Galego.

Para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, a Fundación Deporte Galego recadará os seguintes datos identificativos das entidades beneficiarias:

a) NIF do beneficiario.

b) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.

c) Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.

d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo IV B da Orde HFP/1030/2021)

e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021)

f) Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolvida á data de solicitude da axuda.

A Fundación abonará a cantidade de dez mil (10.000,00€) que deberán destinarse integramente ó fin previsto para os fondos, cumpríndose polo Concello tódolos requisitos derivados da natureza dos fondos, consonte ó referido no presente convenio.

Sexta.- Outras obrigas do Concello

Son obrigas do Concello asociadas á orixe dos fondos, as seguintes:

- a) Cumprir os principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- b) Cumprir coas esixencias de información e publicidade sinaladas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. De acordo co disposto no artigo 34.2 do devandito Regulamento (UE) 2021/241, o beneficiario fará mención da orixe deste financiamento e velará por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiamento adecuado que indique “financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderrecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACI%C3%93N%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>
- c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, é preceptiva a conservación da devandita documentación durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do devandito pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60 000 euros.
- d) Cumprir co compromiso do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos ambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020 (Regulamento taxonomía).

Esta actuación encádrase no investimento C26.I02 e, polo tanto, ten un impacto previsible nulo ou insignificante sobre o obxectivo mediambiental, non obstante, resulta de aplicación o seguinte condicionado específico:

- As actuacións que se leven a cabo relacionadas con rehabilitacións enerxéticas incluírán como esixencia a contribución ao obxectivo do 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición xerados nos proxectos de infraestrutura (con exclusión dos residuos con código LER 17 05 04), se preparen para a reutilización, a reciclaxe e a revalorización doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando

residuos para substituír outros materiais. Así mesmo, os proxectos financiados que impliquen demolición practicarán unha demolición selectiva (separando materiais).

Para conseguir alcanzar o obxectivo do 70 %, os axentes encargados da construción seguirán o principio de xerarquía dos residuos, dando prioridade á prevención, preparación para a reutilización, reciclado, valorización enerxética e por último eliminación, sempre que sexa posible desde o punto de vista ambiental.

- Os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e a demolición, de acordo co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

- Garantirase que os deseños de edificios e as técnicas de construción apoién a circularidade e, en particular, demostrar, con referencia a ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para ser máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

- Na rehabilitación de edificios terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo.

- Por outro lado, cando sexa factible, utilizaranse equipos e compoñentes de alta durabilidade e reciclabilidade e fáciles de desmontar e reacondicionar.

- En materia de rehabilitación enerxética, os compoñentes e materiais de construción utilizados no desenvolvemento das actuacións previstas nesta medida non conterán amianto nin substancias perigosas identificadas a partir da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

- O carácter xeral das actuacións orientadas á substitución de sistemas de calefacción e refrixeración baseados en enerxías fósiles por outras tecnoloxías cero contaminantes, permitirá unha significativa redución das emisións ao aire e por conseguinte unha mellora na saúde pública.

- O carácter xeral das actuacións contempladas en canto a promover a rehabilitación de edificios incluíndo o concepto de eficiencia enerxética, fan prever claramente unha redución das emisións de contaminantes atmosféricos principalmente asociada á diminución do consumo enerxético.

- Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.

e) Compromiso no cumprimento de etiquetaxe verde e dixital previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, con base no Regulamento (UE) 2021/241. Esta actuación ten unha etiquetaxe verdedo 100% no campo de intervención 026bis «Modernización de instalación deportivas para mellorar o seu rendemento enerxético con arranxo a criterios de eficiencia enerxética».

f) Comunicar á Fundación Deporte Galego a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións ás que se refire o presente convenio, especificando aquelas axudas de minimis obtidas. O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR.

g) Conceder os dereitos e os accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a OLAF Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control, en especial para evitar o fraude, o favoritismo, a corrupción e o dobre financiamento.

h) Subscribir as declaración, asumir os compromisos e someterse a todos os controis relativos á execución da actuación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

i) Facilitar toda a información solicitada e someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.

Coa finalidade de darlles cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos do Mecanismo de recuperación e Resiliencia, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, como entidades executoras, deberán dispor dun Plan de medidas antifraude que lles permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude; á corrupción e aos conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. Configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores a avaliación de risco de fraude, cubrir a Declaración de Ausencia de Conflito de Interese (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses. Así mesmo, o Plan de medidas antifraude deberá cumprir cos requirimentos mínimos establecidos no artigo 6.5 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, e o recollido no Plan xeral de prevención de riscos de xestión para a execución dos fondos Next Generation en Galicia, do 19 de maio de 2023, do Consello da Xunta de Galicia.

Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de intereses da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

“ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN/SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

Este procedemento de contratación/subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano de contratación (ou órgano competente para a concesión da subvención) poderá solicitar aos licitadores (ou solicitantes da axuda) a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de contratación (ou ao órgano que concede) no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do licitador (ou solicitante da axuda), os titulares reais recuperados polo órgano competente para a contratación (ou polo órgano competente para a concesión da subvención)”.

Consonte ao anterior, a este convenio resúltalle de aplicación o Plan Xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta do 19 de maio de 2023, accesible a través da ligazón <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf> Asemade, será de aplicación o Plan da Fundación DeporteGalego, accesible a través da ligazón <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/presidencia-xustiza-deportes/plan-antifraude-fundacion-deporte-galego-2024.pdf>

A detección de feitos que puideran ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do presente Plan serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Asemade a Xunta de Galicia ten a disposición da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude a través do Sistema Integrado de Atención a la Cidadanía (SIACI) <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

2. A formalización deste convenio non suporá compromisos nin obrigas de carácter económico para as partes asinantes.

A súa execución realizarase con medios humanos e materiais propios de cada unha das partes e dos que xa dispoñen, a salvo o expresamente previsto no presente convenio, en particular, en relación co material.

Sétima.- Publicidade da financiación

As partes deberán exhibir en todos os proxectos e subproxectos que se desenvolvan na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de forma correcta e destacada o emblema da Unión Europea con unha declaración de financiación adecuada que diga exactamente “financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” xunta ao logo do PRTR.

Do mesmo xeito, todo tipo de convocatorias, licitacións, convenios o calquera outro instrumento xurídico que se celebre no marco do presente Plan conterá tanto no seu encabezamento como no seu corpo a seguinte referencia: “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

Cando se dispoñan distintos logotipos, o emblema da Unión Europea debe aparecer, como mínimo, igual de prominente e visible que o resto de logotipos.

Oitava.- Resolución do convenio

Ademais das causas de resolución dos convenios previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes, así como o acordo motivado dunha delas en caso de incumprimento grave ou reiterado dalgunha das súas cláusulas e obrigas, debendo comunicarse dito incumprimento cun preaviso de, como mínimo, un mes de antelación á data de resolución proposta.

Novena.- Incumprimento, reintegro e réxime sancionador

As entidades subvencionadas quedan sometidas ao control financeiro da Intervención Xeral da Comunidade e á fiscalización do Consello de Contas e outros órganos competentes, consonte o réxime de control de subvencións regulado na Lei 9/2007, de 13 xuño.

Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 xuño, e no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas máis o xuro de demora devindicado desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos de incumprimento que se indican a seguir, aos que será de aplicación os criterios de gradación seguintes:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o tivesen impedido. Neste suposto, procederá o reintegro total da subvención concedida.

b) Obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control previstas no presente artigo, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derívese a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo e a realidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Neste caso procederá o reintegro da totalidade da contía percibida.

c) Incumprimento da obrigación de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos na

presente orde. Neste caso, deberán devolverse as cantidades non xustificadas debidamente.

d) Incumprimento da obrigación de adoptar as medidas de difusión consonte o previsto na presente orde. Neste caso procederá o reintegro do cento por cento da contía percibida.

e) No caso de que, no prazo establecido para iso, non se presentou a xustificación da subvención por algún dos concellos beneficiarios, de conformidade co disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións efectuarase aos mesmos o requirimento adicional da xustificación por un prazo improrrogable de quince días. A presentación fóra de prazo da xustificación considerarase unha infracción leve de conformidade co establecido no artigo 56, en relación co previsto no artigo 61 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. A estes efectos, previa tramitación do expediente oportuno, imponse as seguintes sancións:

1. Ata o dez por cento do importe da subvención, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

2. Ata o vinte por cento do importe da subvención, no caso de que a xustificación se presente no prazo concedido no requirimento adicional.

Nos casos recolleitos nas letras da a) á d), os criterios de gradación por incumprimentos non serán de aplicación cando o cumprimento pola entidade beneficiaria aproxímese, de modo significativo, ao cumprimento total e acredítese por esta unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos.

No caso de que, acorde sinala o artigo 90 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o beneficiario desexa realizar unha devolución voluntaria da axuda sen previo requirimento da Administración, deberá solicitar mediante escrito dirixido á dirección xeral competente en materia de Deporte, o reintegro da axuda, para o que se remitirá ao solicitado o modelo correspondente para poder realizar o ingreso nalgunha entidade colaboradora.

Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, a calquera incumprimento do establecido na presente orde que constitúa infracción administrativa prevista no capítulo I do título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, seralle de aplicación o réxime de sancións recollido no capítulo II do título IV da devandita lei, así como nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 xuño, así como a normativa europea de aplicación. Décima.- Protección de datos

Os datos recollidos na execución das actuacións subvencionables tratadas no presente convenio serán tratados conforme ao Regulamento (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa que resulte de aplicación.

O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal e dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, resultando imprescindible para xestionar esta liña de subvencións, finalidade que xustifica o mesmo.

O órgano responsable do tratamento é a Fundación, ante quen poderá exercerse os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento. A información relativa aos destinatarios dos

datos, o prazo de conservación dos mesmos e as medidas de seguridade, así como calquera información relativa á protección dos datos persoais dos solicitados poderán consultarse en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

E todo iso sen prexuízo dos deberes e obrigas que asumen os concellos beneficiarios como responsables do tratamento dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia da súa participación.

Así mesmo, o deber de segredo e as limitacións no seu uso marcadas pola normativa de aplicación serán aplicables a calquera información á que se puidese ter acceso na realización de actividades obxecto desta orde, agás aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais normativa aplicable ao respecto.

Undécima.- Confidencialidade

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que puidese ter acceso no desenvolvemento do presente Convenio, sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial.

Décimo segunda.- Natureza Xurídica

Este acordo ten natureza de convenio de colaboración, quedando excluído da aplicación da lexislación dos contratos administrativos, a teor do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Este acordo ten natureza administrativa. As dúbidas que poden xurdir sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Con todo, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Décimo terceira.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste Convenio de Colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Comisión de seguimento

Para garantir a correcta execución e o seguimento do pactado neste Convenio constituirase unha Comisión

de Seguimento composta de forma paritaria por persoas representantes das partes asinantes. A Presidencia recaerá no representante da Fundación Deporte Galego quen a súa vez terá o voto de calidade de desempate no seu caso.

Esta Comisión reunirase en sesión ordinaria logo da sinatura do Convenio e para determinar e validar a temporalidade dos traballos, medios materiais e humanos e as normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.

A Comisión fixará as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse polo menos un mes antes de que finalice o prazo de execución das actividades ou actuacións subvencionables, e de forma extraordinaria, cando o solicite xustificadamente calquera das partes. Para estes efectos, serán válidas as reunións por teleconferencia ou videoconferencia.

Á Comisión correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Realizar o seguimento da execución do coste estimado a través do seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos e iniciativas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- b) Actuar como vehículo de transmisión de todas as informacións e comunicacións que, con carácter global, sexan de interese para as partes.
- c) Resolver as discrepancias e controversias que poidan xurdir na interpretación das cláusulas do convenio ou dos seus acordos específicos.

Décimo quinta.- Vixencia e prórroga

O presente convenio empezará a producir os seus efectos a partir da súa sinatura e terá unha duración ata o 15 de decembro de 2025.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio

Dona Paula María Fernández Pena
Alcaldesa-Presidenta de Silleda

D. José Ramón Lete Lasa
Presidente da Fundación Deporte Galego"

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a participación do Concello de Silleda no programa Adestra a túa saúde, impulsado pola Secretaría Xeral para o Deporte a través da Fundación Deporte Galego.

SEGUNDO.- Autorizar á alcaldesa-presidenta, Dña. Paula M^a Fernández Pena, para a sinatura do convenio de colaboración co citado organismo, polo que o Concello de Silleda recibirá unha achega de 10.000 euros destinada á execución das actuacións previstas.

TERCEIRO. Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral para o Deporte e á Fundación Deporte Galego para os efectos oportunos.

EXPEDIENTE 1099/2025. CONVENIOS. ARRENDAMIENTO DE BEN INMOBLE POR ADXUDICACIÓN DIRECTA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o Convenio de Colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Silleda para o mantemento da instalación do albergue de peregrinos en dito Concello asinado o 01 de xullo de 2025.

Vista a memoria de idoneidade asinada por esta Alcaldesa o 14 de xullo de 2025, que da inicio ó expediente, seguida da providencia de 30 de xullo de 2025 solicitando informes técnicos para os efectos de continuar coa tramitación do expediente e a súa posterior elevación a Xunta de Goberno Local.

Visto o informe do Arquitecto técnico municipal de data 04 de xullo de 2025 e a súa corrección de data 01 de agosto de 2025.

Visto o informe xurídico asinado pola Secretaria municipal de data 07 de agosto de 2025, no que se plantexaban numerosas dúbidas para poder informar de maneira favorable o presente expediente recomendando realizar consulta ó SAIM.

Vista a solicitude de informe xurídico ó SAIM e o posterior informe emitido polo Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal de data 12 de agosto de 2025.

Visto o informe de reparo do Interventor municipal de data 19 de agosto de 2025.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 28 de agosto de 2025.

Visto o informe do Arquitecto municipal de data 03 de setembro de 2025.

Visto o borrador do contrato de arrendamento.

Visto o informe xurídico desfavorable asinado pola Secretaria municipal de data 16 de setembro de 2025.

Visto o informe de reparo do Interventor municipal de data 17 de setembro de 2025, no que se recolle: *“Contra este informe se poderá formular discrepancia nos termos establecidos non TRLFL e ou artigo 15 do RD 424/2017.”*

Vista a Resolución de Alcaldía de data 19 de setembro de 2025 na que se resolve o seguinte: *“Esta Alcaldía **RESOLVE DISCREPANCIA** entre a taxación de data 03 de setembro de 2025 e o informe de reparo de Intervención, así como entre os informes emitidos no expediente, acollendo o criterio do SAIM e do Arquitecto municipal como fundamento da decisión, procedendo a*

continuar co expediente de arrendamento.

En consecuencia, considérase que concorren elementos suficientes para continuar o procedemento, prevalecendo estes criterios fronte ás observacións xurídicas e económicas realizadas polo Interventor e a Secretaría municipais que, sen descoidalas, non desvirtúan o interese público, a idoneidade do ben e a taxación constatados”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 19 de setembro de 2025, no que se acordou o seguinte:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para o arrendamento directo.

SEGUNDO.-Aprobar o gasto correspondente por importe de de 137.667,75 €, sendo un gasto plurianual proxectado para os exercicios 2025-2040, a execución seguirá o réxime financeiro establecido no contrato, correspondendo 4.356,00 euros a anualidade 2025, que se imputarán a aplicación 430-20000.

TERCEIRO.- Aprobar o texto do contrato que se recolle como Anexo a este acordo.

CUARTO.-Solicitar á persoa titular do ben a documentación que acredite a súa plena disposición do ben que se pretende arrendar xunto coa aceptación expresa do prezo.

QUINTO.-Comunicar o acordado ós interesados.

SEXTO.-Dar conta ó Pleno na próxima sesión que se celebre.”

Vista a notificación do acordo da Xunta de Goberno antedita (Rexistro de saída nº 2025-S-RE-1249).

Visto que con diferentes rexistros de entrada (nº 2025-E-RE-1777 do 30/09/2025, nº 2025-E-RE-1948 do 24/10/2025, nº 2025-E-RE-1968 do 28/10/2025) o representante da interesada, Don Alberto Maceira Balboa, presenta a documentación requirida.

Visto o informe asinado o 12 de novembro de 2025 pola Secretaría municipal de comprobación da documentación.

Visto o informe de reparo do Interventor municipal de data 13 de novembro de 2025, no que se recolle: “Contra este informe se poderá formular discrepancia nos termos establecidos non TRLFL e ou artigo 15 do RD 424/2017.”

Vista a Resolución de Alcaldía de data 14 de novembro de 2025 na que se resolve o seguinte:

“Esta Alcaldía **RESOLVE DISCREPANCIA** entre o informe de reparo de Intervención, así como entre o informe de Secretaría e os informes do SAIM e do arquitecto municipal, acollendo o criterio

do SAIM e do Arquitecto municipal como fundamento da decisión, procedendo a continuar co expediente de arrendamento.

En consecuencia, considérase que concorren elementos suficientes para continuar o procedemento, prevalecendo estes criterios fronte ás observacións xurídicas e económicas realizadas polo Interventor e a Secretaria municipais que, sen descoidalas, non desvirtúan o interese público, a idoneidade do ben e a taxación constatados.”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Arrendar o ben nas condicións que se recollen no expediente.

SEGUNDO.- Dispor o gasto correspondente por importe de de 137.667,75 €, sendo un gasto plurianual proxectado para os exercicios 2025-2040, a execución seguirá o réxime financeiro establecido no contrato, correspondendo 4.356,00 euros a anualidade 2025, que se imputarán a aplicación 430-20000.

TERCEIRO.- Proceder á formalización do contrato de arrendamento segundo o texto aprobado no acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de setembro de 2025.

CUARTO.-Notificar o acordo á adxudicataria do contrato, e citala para a firma do contrato.

QUINTO.- No seu caso, proceder a publicar a presente Resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e na sede electrónica do Concello, a efectos do seu xeral coñecemento, anotar o arrendamento no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez formalizada e remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrals, segundo a Lexislación hipotecaria.

SEXTO.-Dar conta ó Pleno na próxima sesión que se celebre.

Expediente 1811/2025. BASES DO CONCURSO #Vaideparroquias “Misión Elfos 33: na procura dos agasallos perdidos”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de dar continuidade ao certame Vai de Parroquias, como impulso para a participación da veciñanza e para promover a posta en valor dos recursos patrimoniais e naturais das parroquias do concello de Silleda,

Vistas as seguintes Bases do Concurso Vai de Parroquias deseñadas para o período de Nadal 2025-2026

BASES DO CONCURSO #Vaideparroquias
“Misión Elfos 33: na procura dos agasallos perdidos”

O Concello de Silleda, a través da Concellaría de Cultura, convoca un ano máis o certame #Vaideparroquias, un concurso que, no marco da programación de Nadal 2025-26, busca dinamizar todos os núcleos de poboación do municipio.

1.OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do concurso nesta convocatoria de #Vaideparroquias *“Misión Elfos 33: na procura dos agasallos perdidos”*, é fomentar un espírito festivo que impulse a interacción e a cohesión entre a veciñanza durante as festas de Nadal. A través deste certame, preténdese:

- Potenciar a participación activa da veciñanza.
- Fomentar un sentido de pertenza e identidade local.
- Promover o coñecemento e a posta en valor dos recursos patrimoniais e naturais de cada parroquia por parte da veciñanza e visitantes.
- Impulsar un turismo de proximidade.

Anímase á veciñanza a descubrir e conectarse co territorio silledense de forma lúdica e participativa. A través da localización dos Elfos agochados ao longo das 33 parroquias do municipio, os/as participantes terán que atopar cada un deles, sacarse unha foto e identificalos na lámina do obrador de xoguets.

As persoas que cumpran os requisitos poderán participar no **sorteo de unha estadia de 4 días en auto caravana para 4 persoas**, para descubrir novos lugares e desfrutar dunha experiencia diferente en boa compañía.

2.PARTICIPANTES E INSCRICIÓN

Só poderán participar no concurso as persoas físicas que teñan cumprida a maioría de idade no momento de presentación da solicitude.

Non poderán participar no certame aquelas persoas que resultaron gañadoras na edición do ano anterior do concurso.

Para obter a categoría de persoa participante, **é preciso realizar a solicitude de inscrición** a través do formulario que acompaña estas bases e dispoñible na páxina web do Concello (www.silleda.gal).

3.DINÁMICA DO CONCURSO

Para xogar no #Vaideparroquias “*Misión Elfos 33: na procura dos agasallos perdidos*” e participar no sorteo, hai que seguir os pasos seguintes.

1.Descarga o modelo da **Lámina do obrador de xoguetes** e **Mapa con pistas** que se atopa na páxina web www.silleda.gal buscando #Vaideparroquias “*Misión Elfos 33: na procura dos agasallos perdidos*”

2.Explora as parroquias. Localiza os 33 Elfos agochados por localizacións de interese do municipio.

3.Saca unha **fotografía ao lado de cada un dos 33 elfos** que acredite que a persoa que realizou a inscrición atopou os elfos agochados polas parroquias do concello de Silleda.

4.**Completa a lámina do obrador de xoguetes** co número que ten asignado cada elfo.

5.**Envía as 33 fotos e a lámina do obrador completa** cos números correspondentes ao correo electrónico que se indica a continuación.

4.ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN

As persoas que desexen participar no concurso e aspirar ao premio deberán enviar ao enderezo electrónico cultura@silleda.gal a seguinte documentación:

-O formulario de inscrición, debidamente cumprimentado e asinado pola persoa participante.

-As trinta e tres fotografías da persoa inscrita xunto coa lámina do obrador cuberta cos número de cada Elfo.

O formato da documentación debe ser .png, .jpg ou pdf.

As persoas que cumpran todos os requisitos que se detallan nas presentes bases, entrarán no sorteo final do premio.

5.PRAZOS

Admitiranse todas as solicitudes de participación, coa correspondente documentación, enviadas dende a publicación destas bases ata o venres 2 de xaneiro ás 23:59 horas.

6.PREMIO

O premio consistirá en **4 días de estadia en auto caravana para 4 persoas**, para desfrutar durante época de tempada baixa do 2026, dentro da dispoñibilidade dos vehículos.

7.SORTEO PÚBLICO

Unha vez rematado o prazo e revisadas todas as solicitudes, procederase a realizar o sorteo público entre todas as persoas participantes que cumpran cos requisitos para ser consideradas persoas aspirantes ao premio.

Cada unha das persoas aspirantes ao premio terá asignado un número, correlativo á orde de chegada da solicitude de participación. Dito número introducirase, en sobre pechado, nunha urna, para proceder ao sorteo público do premio.

O sorteo terá lugar o xoves 8 de xaneiro de 2025, ás 20:00 horas, no Salón de actos da Casa do Concello de Silleda.

8.ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da solicitude de participación implica a aceptación das presentes bases.

#Vaideparroquias

“Misión Elfos 33: na procura dos agasallos perdidos” Prazo máximo de inscrición: 2 de xaneiro de 2025, enviando ao correo cultura@silleda.gal

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Datos do/a participante:

Nome e apelidos: _____

Data de nacemento: _____

DNI/NIE: _____

Enderezo do domicilio: _____

Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

Asinar esta solicitude de participación, implica a aceptación das bases do certame

Data e sinatura:

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases presentadas para o certame Vai de Parroquias 2025-26 co gasto asociado de 520€ correspondente ao premio do sorteo.

SEGUNDO: Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE